

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de outubro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de outubro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS

Constan nas dependencias municipais os seguintes proxectos técnicos redactados por orde da Alcaldía:

A/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE VÍAS NAS PARROQUIAS DE VILELA, O AZ, GUILLAR, ASPERELO E SAN SALVADOR”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data setembro de 2022, cun importe global de CATROCENTOS NOVENTA E

CATRO MIL CATROCENTOS OITO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (494.408,12 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	459.645,06 €
✓ Honorarios de proxecto:	15.450,25 €
✓ Honorarios dirección de obra:	15.450,25 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	3.862,56 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 04/10/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

B/

Proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS E MELLORAS NOS NÚCLEOS RURAIS DE ADELÁN, OS VILARES, LAMAS, CASTUGARES, CARBOENTES E FARÁN”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data setembro de 2022, cun importe global de TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (305.591,88 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	284.104,96 €
✓ Honorarios de proxecto:	9.549,74 €
✓ Honorarios dirección de obra:	9.549,74 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	2.387,44 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 04/10/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017,

do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A AUGAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes da Resolución do 23 de agosto de 2022 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 170, do 07/09/22). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para financiar a realización de dita auditoría, a detección de eventuais infiltracións, a identificación dos problemas asociados á xestión da rede de saneamento e contribuír dese xeito ao cumprimento dos obxectivos ambientais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a Augas de Galicia unha subvención por importe de CATORCE MIL CATROCENTOS VINTE E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (14.423,20 €) para o financiamento da actuación denominada *“auditoría da rede de saneamento do Concello de Rodeiro”*.

Segundo.- Aprobar a memoria xustificativa da actuación a desenvolver cun orzamento total por importe de DEZAOITO MIL VINTE E NOVE EUROS (18.029,00 €), IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

Cuarto.- Financiar o custo da actuación obxecto de subvención que non resulte financiado por Augas de Galicia para a súa completa realización.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

4.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ

VISTA a solicitude presentada por Don Luís Sánchez Cidre (RE núm. 1613, do 05/10/22), e a proposta de resolución emitida con data 05/10/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don LUÍS SÁNCHEZ CIDRE, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Vilaxuste, parroquia de Santa Baia de Camba.

5.- EXENCIÓNS DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “CONCILIA RODEIRO 2022”

En atención ás circunstancias que concorren nas menores veciñas do Concello HELLEN JUANITA LEÓN MANTILLA e MAUREN VALENTINA LEÓN MANTILLA, e de conformidade co informe emitido ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 04/10/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación no programa “*Concilia Rodeiro 2022*”, entre os meses de setembro e decembro do corrente, ambos inclusive, a favor de ditas menores, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade da súa unidade familiar.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA 2.240,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*” no mes de setembro de 2022, s/factura núm. 0157 (FACe).
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.834,40 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 15/22.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)